

**ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ASESORAMENTO AOS CONCELLOS NA PREPARACIÓN DA SOLICITUDE E DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS ÁREAS REXURBE.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

**DECLARA:**

Que o 6 de novembro de 2020 o IGVS e a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) asinaron unha addenda de modificación do convenio de colaboración entre o IGVS e a USC para o asesoramento aos concellos na preparación da solicitude e do plan de dinamización das áreas Rexurbe.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Ampliar o prazo de vixencia do dito convenio de colaboración entre o IGVS e a USC ata o 30 de xuño de 2021 co fin de continuar asesorando aos concellos para a elaboración da solicitude de declaración dunha Área Rexurbe e do correspondente Plan de dinamización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que con data 5 de novembro de 2018 as partes asinaron un convenio, co obxecto de regular a súa colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a elaboración do documento modelo de Plan de dinamización das áreas Rexurbe, cuxo informe final foi entregado o 31 de xullo de 2019.

A pesar de contar xa co modelo do plan de dinamización, a complexidade deste instrumento fai necesaria a continuación da colaboración entre o IGVS e a USC, a través da creación dun grupo de traballo que, partindo da experiencia acadada na elaboración do modelo do Plan de dinamización, poda asesorar aos concellos interesados en solicitar a declaración dunha Área Rexurbe, tanto para formular a proposta como para a elaboración do plan de dinamización, tendo en conta, ademais, que varios concellos amosaron o seu interese nesta figura.

Como consecuencia do anterior, o IGVS e a USC consideran necesario a sinatura dun convenio, co obxecto de regular a súa colaboración para a creación dun grupo de traballo, coordinado polo IGVS, que



asesore aos concellos para a elaboración da solicitude e do Plan de dinamización das áreas Rexurbe. A tal efecto, as dúas entidades asinan o presente convenio, que consta das seguintes.

Que o IGVS e a USC subscribiron o día 20 de xullo de 2020 un convenio de colaboración para o asesoramento aos concellos na preparación da solicitude e do Plan de dinamización das áreas Rexurbe.

Que na cláusula sétima do convenio establécese que este estará vixente dende a súa sinatura ata o 1 de decembro de 2020.

Que o 2 de outubro de 2020 a USC presentou solicitude de ampliación do prazo de vixencia do convenio ata o 30 de xuño de 2021, debido á demora na súa sinatura pola aparición da Covid-19 e a posterior declaración do estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, o que, consecuentemente, imposibilita a execución da totalidade das actuacións dentro do prazo inicialmente previsto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria.

